

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 19.12.2019

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 08.41 h do 19.12.2019, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Panceiras, Juana Barro Couto, Juan José Franco Casal, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Justo Martínez Ardá, Cristina García Moroño, María de los Ángeles Coira López, María del Mar Piñeiro Otero, Antón Lois Noceda Carballo, Marta Pereiro Calvo, Ana Basoa Rioboo e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da sesión

A continuación fai uso da palabra o alcalde que pide desculpas a todos os membros da Corporación polo sucesivos retrasos que tivo este Pleno como consecuencia dos atrancos xurdidos no proxecto de remodelación da Casa do Concello e accesibilidade aos servizos. A urxencia desta sesión vén determinada polo prazo para a aprobación do Plan de obras e servizos 2020 da Deputación Provincial da Coruña que finaliza hoxe.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a súa intervención é semellante ao ocorrido o ano pasado e le literalmente parte da intervención do grupo municipal do PP respecto do POS 2018: "A urxencia vén dada pola incompetencia e falla de traballo deste goberno, que como sempre vén tarde, mal e a rastro.". Di que non vai ler cousas perores como cando lle dicían que menos mal que non teñen maioría absoluta porque senón neste Pleno non paraban nin as ratas e todo este tipo de intervencións e exclamacións que facía daquela o actual alcalde porque só se fixera a Comisión Informativa o día anterior ao Pleno e non houbera máis que 48 horas para ter esa convocatoria de Pleno. Hoxe, aínda asinaron a convocatoria do Pleno agora. No último Pleno de outubro da Deputación aprobouse o POS e sabíase perfectamente os prazos nos que se movían. Pensa que non é necesaria a maioría absoluta e como tal, o seu grupo vaise abster, por este atropelo do Pleno de hoxe.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que di que o POS é un plan que contén, todos os anos, as mesmas axudas aos Concellos e hai un prazo establecido. A maneira deste POS 2020 foi un pouco atropelada, houbo un cambio na data deste Pleno de tres días, sen ter o conta todo o funcionamento do que é o Concello, sen ter en conta a planificación que se debería ter feito con tempo suficiente para que lle dese tempo á oposición a revisalos e ter algo que contar. É certo que hai uns proxectos, que se pasan á oposición, pero non con suficiente tempo como para poder ter un criterio obxectivo e poder facer ben as cousas á primeira. Ten claro que isto é importante para o Pleno e que algúns dos proxectos presentáronse sen tempo suficiente como para revisalos. Di que se debía ter claro cal é o procedemento a seguir no POS 2020, xa que é igual ca no 2019 ou 2018, para que todos teñan a información axeitada para que o procedemento fose claro e transparente. O que é a xustificación da urxencia é un pouco de chiste, xa que a convocatoria non foi de onte, nin de antonte, levaba un tempo publicada. Non obstante, como pensa que é algo positivo para Fene anuncia a súa abstención e di que agradecería

que nas vindeiras convocatorias do POS o goberno se organizase un pouco mellor e que levase a cabo os prazos establecidos para que todos poidan ter a mesma información e con tempo suficiente para poder pensar e criticar positivo o negativamente a documentación que se lles entrega.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se subscribe ás palabras do BNG e do partido Socialista. Lémbrale o que dicía o alcalde cando estaba na oposición, o que lle pide o corpo é votar a todo en contra. O Pleno ía ser o luns, logo o martes, logo o mércores e finalmente é hoxe porque é o último día, senón sería mañá. Anuncia a súa abstención.

Sometida a urxencia a votación foi ratificada por maioría simple de 6 votos a favor (6 do grupo municipal do PP) e 11 abstencións (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

2. Aprobación, se procede, do expediente do POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 18.12.2019, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” , no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Pavimentación e mellora de servizos na rúa Alcalde Gerardo Díaz entre o camiño do Inferniño e a rúa da Travesa (Fene)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 201999900001209/11.11.2019). Consta informe técnico de 03.12.2019, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e da secretaria municipal do 12.12.2019.

2 Proxecto de obra “Substitución de carpinterías exteriores e remodelación dos baños da Casa do Concello” asinado polo arquitecto Carlos A. Ardá Suárez (RXE 201990000001662 do 18.12.2019). Consta informe técnico de 18.12.2019, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e da secretaria municipal do 18.12.2019.

3 Proxecto de obra “Pavimentación rúa Muíños e Doutor Francisco Malvar” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Francisco Barea Paz (RXE 201990000001610/10.12.2019). Consta informe técnico de 12.12.2019, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e da secretaria municipal do 17.12.2019.

4 Proxecto de obra “Pavimentación e saneamento en lugar de Cornide” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Francisco Barea Paz. Consta informe técnico de 13.12.2019, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e da secretaria municipal do 16.12.2019 e 17.12.2019.

5 Proxecto de obra “Reurbanización do entorno das Torres I, II e III en San Valentín” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 201999900001381/10.12.2019). Consta informe técnico de 11.12.2019, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e da secretaria municipal do 17.12.2019.

6 Proxecto de obra “Área recreativa en San Valentín (1ª Fase)” asinado por Antonio J.Durán Maciñeira (RXE 201999900001406/16.12.2019). Consta informe técnico de 17.12.2019, emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e da secretaria municipal do 17.12.2019.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 remata o 19 de decembro do 2018, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo

provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	54.794,63 €	-	54.794,63 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	18,92 €	-	18,92 €
Subtotal pago a provedores	54.813,55 €	-	54.813,55 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	-
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	-
Subtotal gasto corrente	-

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación e mellora de servizos na rúa Alcalde Gerardo Díaz entre o camiño do Inferniño e a rúa da Travesa (Fene)	152.884,34€	79.528,56 €	232.412,90 €
Pavimentación e saneamento en lugar de Cornide	73.512,27 €	31.532,29 €	105.044,56 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	226.396,61 €	111.060,85 €	337.457,46 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
-	-	-	-
Subtotal investimentos achega provincial 2019	-	-	-

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Substitución de carpinterías exteriores e remodelación dos baños da Casa do Concello	206.772,17 €	36.904,66 €	243.676,83 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	206.772,17 €	36.904,66 €	243.676,83 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-	-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	-	-

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	54.794,63 €		54.794,63 €
	Achega 2020	18,92 €		18,92 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	-		-
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	-		-
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	226.396,61 €	111.060,85 €	337.457,46 €
	Achega 2019	-	-	-
	Préstamo 2020	206.772,17 €	36.904,66 €	243.676,83 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	-		-
T O T A L	Achega 2020	226.415,53 €	111.060,85 €	337.476,38 €
	Achega 2019	54.794,63 €	-	54.794,63 €
	Préstamo 2020	206.772,17 €	36.904,66 €	243.676,83 €
	TOTAL	487.982,33 €	147.965,51 €	635.947,84 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Pavimentación rúa Muíños e Doutor Francisco Malvar	131.263,03 €
Reurbanización do entorno das Torres I, II e III en San Valentín	199.794,11 €
Área recreativa en San Valentín (1ª Fase)	60.725,41 €
TOTAIS	391.782,55 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal”

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que pregunta como van as obras do POS 2018 e considera que o lóxico sería seguir unha orde cronolóxica coas obras aprobadas por este Pleno.

Engade que non houbo Comisión que permitira ter a documentación necesaria con antelación, non houbo tempo para revisar proxectos e informes, inda que fora para ver que todos son desfavorables. Di que se declara que hai dispoñibilidade de terreos e nin sequera se pon coas excepcións que poñen os informes, que hai proxectos de marzo deste ano, polo que debería ter dado tempo para ter os informes.

Tampouco se fai mención na Proposta da alcaldía a que non hai permisos.

Hai dous meses que se aprobou neste Pleno un Plan de accesibilidade e ven que o proxecto máis doado para acadar accesibilidade e cota cero, as Torres de San Valentín, vai con beirarrúas altas. Pide en nome do seu grupo que se modifique o proxecto na medida do posible para unha cota cero. Pregunta por que non se cambia por completo o saneamento na obra de Doutor Malvar?

Remata dicindo que hai moitos motivos para votar en contra deste POS, pero que non o van facer porque calquera obra é benvida, aínda que haxa carencias. O traballo feito do goberno é nulo, xa que tiña que ter previsto o POS e tiñan que ter previstas estas obras, porque algunhas son de moito tempo para atrás. O seu grupo vaise abster para que isto poida saír adiante, pero a negligencia do grupo de goberno e do alcalde é absoluta e puxeron en perigo que este POS se poida facer, presentándoo hoxe no Pleno, o último día que hai para presentar toda a documentación.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal Socialista, María del Mar Piñeiro Otero, que pregunta como se fai a contratación dos proxectos, porque non hai coordinación cos técnicos municipais, se se especificasen ben os requisitos que teñen que ter os proxectos os informes igual non eran desfavorables; ou ben os requisitos non se lle comunican ben e cada técnico que fai un proxecto actúa pola súa conta sen ter en conta cales son as necesidades das actuacións que se presentan ou os proxectos cando chegan non cumpren ao seren analizados polo técnico municipal, ou non está tal e como ese técnico pensa que debería estar, por iso os informes son desfavorables. É curioso que veñan 6 proxectos e que todos teñan informes desfavorables. Pensa que se debía ter en conta o que di o técnico municipal respecto de cada proxecto, xa que senón non ten claro para que serve votar a favor e non se apliquen aos proxectos o sinalado polo técnico; o proxecto do baños accesibles resulta que o proxecto non cumpría e houbo que modificalo e así pódese contar catro informes sobre isto. En San Valentín o de cota cero nada e tampouco se ten en conta o que se fai por aí. Respecto do control de calidade de cada un dos proxectos di que xa se falou en comisións e nos plenos e pensa que estas cousas hainas que ter en conta, habería que ver cal é o seguimento que se fai cando se adxudiquen as obras e cal é o resultado despois. Parécelle que todas estas obras foron un pouco á présa e correndo e unha vez analizada a documentación hai moita normativa que sinalou o técnico municipal, normativa que é a mesma tanto para os técnicos redactores como para quen o supervisa, por iso pensa que algo falla, cando se repiten os nomes das persoas que fan eses proxectos. Di que o seu grupo vaise abster e roga para que no sucesivo hai que ter en conta antes cales son os requisitos necesarios para podelos levar adiante á primeira, sen ter que modificar os proxectos.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que lle gustaría que se contestase primeiro ás preguntas de en que situación se atopan as obras pendentes do POS 2018 e o tema do saneamento.

Contéstalle o alcalde porque foi el quen elaborou este POS e non o concelleiro de Obras, sen prexuízo de que as obras, unha vez que saen da tramitación son a súa responsabilidade. Respecto do POS 2018 di que o reforzo do firme na rúa Xunqueira está executado e finalizado. O reforzo do firme nas rúas Peirao e Hortelá está executado e finalizado. A pavimentación e dotación de servizos nas rúas Coto Pequeno e Penela está executado e finalizado. A renovación de tubaxes na Avda. da Pías coa

Avda. Marqués de Figueroa ata o Sartego está executado. Os investimentos do POS complementario, a reurbanización dos Bloques 2 e 5 de San Valentín e a mellora do parque do Río Cádavo, Xunqueira e Peirao de Barallobre di que este último non entrou por falta de achega, pero ese proxecto non sería executable xa que se está executando o parque da Xunqueira en San Valentín. Respecto do saneamento na rúa Doutor Malvar e por que se cambia unha parte foi porque o técnico pediulle asesoramento á empresa Viaqua e houbo contacto continuo coa empresa. Tamén se valorou cambiar o abastecemento pero vai pola beirarrúa e non era necesario porque se atopaba en bo estado.

Prosegue a dicir a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que hai que revisar algunha obra porque pensa que todas non están como se dixo. No caso de Viaqua non hai ningún informe polo que non se pode saber o que opina esta empresa. Respecto de que os informes veñan desfavorables di que non o entende. En calquera caso, todo ben tarde, mal e a rastro, sen informes ou comisión, o Pleno que ía ser hai cinco ou seis días retrasouse ata hoxe. Pregúntase que pasaría se hoxe, por calquera razón, isto non entra a tempo, quedarían sen POS pola falta de traballo e de interese en todo en xeral. Dille ao alcalde que el xoga con que sabe que son obras para os veciños e que a oposición non vai votar en contra de obras porque sexan as que sexan sempre son benvidas, pero realmente polo dito debía ser un voto en contra unánime de toda a oposición, que é o que merecían. Como para o seu grupo si que priman primeiro os veciños e veciñas de Fene e, pensando neles, vaise abster. Rógalle ao que revisen as obras porque non están todas como dixo.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di, respecto dos informes desfavorables, que os mirou e si é certo que se informa desfavorablemente ata que non se teñan as correspondentes autorizacións sectoriais, unha vez se teñan estas autorizacións levántase o informe desfavorable. Pensa que os informes son no mesmo sentido que os que viñeron ao Pleno durante estes últimos anos. Respecto da accesibilidade di que se falou co técnico que fixo o proxecto, non obstante, revisárase e, no que se poida mellorar se é que non está debidamente contemplado ordenaráselle que faga un modificado. Respecto dos proxectos en si pensa que a maior parte dos proxectos, agás a Casa do Concello e a reurbanización de San Valentín facilitóullelos a todos os voceiros por correo electrónico no mes de setembro, volveu insistir o 19 de setembro preguntando se había algún proxecto no que se puidese ir avanzando ou, no caso de haber algún proxecto novo que solicitar se lle dixese. Na Xunta de Voceiros de outubro reiterou esta solicitude e foi na Xunta de Voceiros de novembro cando se falou destes dous proxectos, Casa do Concello e reurbanización de San Valentín. Nesta Xunta de Voceiros insistiu cando preguntou se algún proxecto como o de Doutor Malvar ou Xerardo Díaz, polo lugar ao que ían afectar, se podía ir informando e ninguén dixo nada. É certo que EU sempre dixo que coas obras sempre estaba conforme porque son obras a realizar. O BNG propuxo o saneamento na zona de Bodegas Barral e Limodre e falou de facer unhas memorias para ir á Xunta de Galicia porque ese saneamento non se autorizaría sen a execución das beirarrúas e non pensa que o Concello lle deba facer ás beirarrúas á Xunta de Galicia, sen prexuízo de facer unha actuación conveniada para facer o saneamento e que a Xunta de Galicia faga as beirarrúas. Recolle a preocupación da voceira de EU de se hoxe houberse algún atranco e non saíse o Pleno adiante e di que o ano pasado ou hai dous o Concello de Mugardos tivo algún atranco dese tipo, aínda que non sabe como o solucionou.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que cando lle fixo a pregunta ao concelleiro de Obras era mellor que contestase el e non que o alcalde dixera o que dixo, comprende que se pode esquecer, pero dille ao alcalde que que lle diga que unha das obras máis importantes é a renovación da tubaxe da Avda. das Pías e en Marqués de Figueroa, que está executada, será na súa imaxinación.

Contéstalle o alcalde que se confundiu, que estaba a pensar no Sartego que é unha nominativa.

Prosegue a súa intervención o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o Sartego nada ten que ver co POS e resulta que esa obra está sen executar exactamente igual que os Bloques 3 e 5 de San Valentín.

Contéstalle o alcalde que esta obra está adxudicada.

Continúa a súa intervención o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que tamén está a mellora dos parques. Entón atópanse cun orzamento de 68.000 euros para os parques e acaba de dicir que, igual por falta de cartos, non se fixo esa obra. Dende outubro deste ano se pode incluír obras no POS e esa obra a aprobou este Pleno, polo tanto se a obra non entra no complementario, polo motivo que sexa, o razoable sería pasala ao seguinte POS que se poida facer,

pero o que sucedeu é que non só non pasa ao seguinte POS, senón que fai unha das obras dos parques deixando os outros tres. Por que non se incluíu no seguinte POS? Pensa que todos os grupos políticos estarían de acordo e non é máis que aplicar o sentido común e ter un pouco de organización, pero o que fixo o goberno foi saltarse os acordos do POS e facer o que lle deu a gana. Os técnicos non teñen por que saber cales son os acordos do Concello, o razoable é que o responsable de Obras, cando pida o proxecto tamén lle informe ao técnico porque é un criterio político acordado no Pleno. Pouco máis dá de si este debate que demostrar unha vez máis do que falan, así non saber que obras quedan sen facer demostra unha falta absoluta de traballo e organización do goberno.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere puntualizar que non lle ofende o que sucedeu en Mugardos porque alí gobernaba EU, pois goberne quen goberne alí é un problema deles e non lle importa que en Mugardos queden as obras sen facer. En calquera caso se o di porque gobernaba EU tamén lle di ao alcalde que o PP pide a dimisión duns concelleiros por determinadas actuacións noutros sitios e sen embargo en Fene actúase dun xeito distinto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple logo de obter 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	54.794,63 €	-	54.794,63 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	18,92 €	-	18,92 €
Subtotal pago a provedores	54.813,55 €	-	54.813,55 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	-
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	-
Subtotal gasto corrente	-

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación e mellora de servizos na rúa Alcalde Gerardo Díaz entre o camiño do Inferniño e a rúa da Travesa (Fene)	152.884,34€	79.528,56 €	232.412,90 €
Pavimentación e saneamento en lugar de Cornide	73.512,27 €	31.532,29 €	105.044,56 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	226.396,61 €	111.060,85 €	337.457,46 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
-	-	-	-
Subtotal investimentos achega provincial 2019	-	-	-

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Substitución de carpinterías exteriores e remodelación dos baños da Casa do Concello	206.772,17 €	36.904,66 €	243.676,83 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	206.772,17 €	36.904,66 €	243.676,83 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-	-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	-	-

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	54.794,63 €	54.794,63 €
	Achega 2020	18,92 €	18,92 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	-	-
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	-	-
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	226.396,61 €	111.060,85 €
	Achega 2019	-	-
	Préstamo 2020	206.772,17 €	36.904,66 €
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	-	-
TOTAL	Achega 2020	226.415,53 €	111.060,85 €
	Achega 2019	54.794,63 €	54.794,63 €
	Préstamo 2020	206.772,17 €	36.904,66 €
	TOTAL	487.982,33 €	147.965,51 €
			635.947,84 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Pavimentación rúa Muíños e Doutor Francisco Malvar	131.263,03 €
Reurbanización do entorno das Torres I, II e III en San Valentín	199.794,11 €
Área recreativa en San Valentín (1ª Fase)	60.725,41 €
TOTAIS	391.782,55 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 09.21 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Iamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.